

Malos, moi malos

Os pecados capitais · Francisco Antonio Vidal · Xerais, 2007 · 229 páx · 16 euros

Coa novela *Os pecados capitais* Francisco A. Vidal gañaba hai dous anos o Certame de Creación Literaria Terra de Melide, texto premiado que, porén, non viu luz ata hai uns meses da man de Edicións Xerais de Galicia. Historia de trasfondo social e reberetes dramáticos, a narración camiña polo memorialístico dunha serie de personaxes que en delongado lembradoiro repasan as súas vivencias e relacións cun narco moribundo que agarda polo derradeiro alentar prostrado no leito.

É o desta obra un contar demorado, dilatado, que vai e vén, volve e recunca arremuiñando o tempo nun virago fagocitador de ritmo lento, moi lento, lentísimo. Un tempo, por certo, no que se desenvolven uns personaxes desarestados que fan o que deles se espera que fagan, cumprindo escrupulosamente cos arquetipos predefinidos, nun xogo de calca paradigmática no que o rol do esperable é lei.

O suceder argumental extrema o pausado, ladaíña de cartón pedra onde nada desencana no decorado e todo acontece como se supón ten de acontecer.

Se cadra ha de importar pouco que algúns personaxes –poño por caso o crego– se expresen hoxe cun fraseo preconiliar que acaería moi ben en Galdós ou Clarín, inzando o texto de “animalias que alimenta Satanás”, de “maldade no averno por *saecula saeculorum*”, contrarrestadas polo “camiño da Túa Santa Palabra”, dese “Padre Santo, proclamando a Túa verdade nesta casa do averno, neste prostíbulo de Lucifer” e así seguido.

Se cadra tampouco importe o maniqueísmo caracterolóxico onde os malos, de malos, arrabeen e non teñen



matiz, e os bos, masacrados, sufridores das mil e unha ruindades dun meganarco ao Puzo, resultan dun inocente anxelical por forza de empatía doada para espectadores de teleserie.

E digo que non han de importar tales cousas porque o conxunto para nunha corrección meridiana que ninguén poderá dicir que neste *Os pecados capitais* non se cumpre, aínda que poida deixar a moitos impasibles e morriñentos doutras aventuras deste xorne máis ambiciosas, tal *A estratexia do narco* de Manuel Lourenzo, *A guerra do tabaco* e *Narcos* de Carlos G. Reigosa, *Sarou* de Ramón Caride Ogando, *Á de mosca* de Aníbal C. Malvar ou *Ganga* de Antón Lopo.

// **Armando Requeixo**